



ASUNTO: A INDEMNIZACIÓN POLO USO DO TELÉFONO

Por fin o Sr. Rubido tivo a ben entregar copias das facturas de teléfono que o Grupo Socialista lle solicitou o 2 de agosto. Tres meses máis tarde.

A orixe desta solicitude sitúase na decisión do PP de autoindemnizar con 70, 60 e 30 €, ao alcalde, tenente-alcalde e concelleiros do grupo de goberno, respectivamente. Decidiron que o Concello lles pagase o seu teléfono privado, en lugar de usar os teléfonos que a empresa de telefonía pon á súa disposición.

Para xustificarse botaron man dos consumos que o meu goberno realizou durante os derradeiros catro meses do meu mandato. Na mesma comisión de fazienda que debía informar sobre esta proposta da alcaldía, o seu presidente, Luis Rubido, negoulle aos representantes socialistas o acceso a estas facturas.

Todas as consultas xurídicas realizadas poñen de manifesto a ilegalidade que tal negativa supón. Pero pareceunos máis grave que estivese arroupada polo criterio do interventor e da secretaria, de que as facturas mencionadas non formaban parte do expediente, cando se forma notoria se refería a elas.

Calquer xulgado do contencioso-administrativo nos tería dada a razón e incluso resolvería, probablemente, inhabilitando aos responsables deste atentado á democracia. Cicais estamos pecando de excesiva permisividade, non o negamos. Cicais non lle falta razón aos compañeiros que piden presentar denuncias por este asunto e outros de bastante máis gravidade. Teñen razón en que temos a obriga- ción de pararlles os pés a estes dictadorzuelos, pero debemos esperar acontece- mentos.

No fondo desta ocultación, estaba o feito de que, si comparamos unha por unha as tarifas que se lle cargaban aos catro concelleiros socialistas, incluído a de Vergara coa de Rubido o PP superaba de lonxe os custos socialistas. E non se trata- ba, a verdade, dunhos poucos euros. Agora, por fin podemos comprobalo:

MENSUALIDADE	VERGARA			RUBIDO
	MÓBIL	INTERNET	TOTAL	70€
XANEIRO	18,88€	21,24€	40,12€	
FEBREIRO	18,16€	21,24€	39,40€	
MARZO	18,11€	21,24€	39,35€	
ABRIL	18,03€	21,24€	39,27€	

Estas cantidades xa teñen engadido un 18% de IVE. Igualmente inclúen a tarifa plana de conexión a INTERNET e, con todo (descoñecemos se Rubido está conectada a INTERNET), a diferenza é de 30€. Por iso, non querían ensinar as factu- ras en tempo, para ver se nos esquecíamos. Pero nós non esquecemos.